

## **CONCURSO PFC SOSTENIBILIDADE “MYRIAM GOLUBOFF” Green Campus-ETSAC**

### **OBXECTIVOS**

O concurso está concibido para poñer en valor e ofrecer un medio de difusión dos traballos realizados no Proxecto fin de carreira (PFC) que poñen especial atención á sustentabilidade de todas as titulacións de arquitectos titulados na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña nos dous últimos anos.

A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña promove este concurso co obxecto de premiar aos mellores PFC de Arquitectura terminados entre xaneiro do 2015 e decembro de 2017. Prémíase o PFC, pola súa concreción da idea, materialidade, calidade, traballo, orixinalidade, innovación, elaboración e detalle construtivo dentro dun proxecto arquitectónico que desenvolva con especial atención a sustentabilidade.

### **PREMIOS**

Na presente convocatoria concederanse 3 premios para o Concurso PFC Sostenibilidade “Myriam Goluboff”.

O gañador do primeiro premio obterá unha bicicleta, certificado e lote de libros, os outros dous premiados certificado e lote de libros.

Os premios serán entregados na ETSAC. Ademais, as tres obras premiadas e unha selección de proxectos destacados serán publicadas na páxina web da ETSAC.

### **XURADO**

O xurado estará composto por:

Fernando Agrasar Quiroga, director da ETSAC ou persoa en quen delegue

Myriam Goluboff Scheps, arquitecta

Manuel Soto Castiñeira, químico director da OMA

Jorge Rodríguez Álvarez, arquitecto

Cristina García Núñez, estudante de arquitectura bolseira do OMA

Amparo Casares Gallego, secretaria do concurso responsable Green Campus ETSAC

A secretaria do concurso non poderá participar nas decisións do xurado. A súa misión será manter a identidade dos concursantes descoñecida ata a resolución do mesmo.

Os compoñentes do xurado con voto seleccionarán os 3 proxectos PFC gañadores. A interpretación das bases corresponderá ao Xurado unha vez constituído, e as súas decisións son inapelables. A decisión do Xurado materializarase dentro dos tres meses seguintes á finalización do prazo de presentación. Os 3 traballos premiados publicaranse na páxina web da ETSAC a partir do día 22 de Marzo de 2018.

### **CALENDARIO**

Inscripción On-line: Do 20/11/2017 ao 16/02/2018 inclusive.

Consultas: Do 20/11/2017 ao 1/12/2017 inclusive.

Fallo do Xurado e publicación de premiados: 22/03/2018.

\*O Xurado se reserva a facultade de modificar calquera dos prazos anteriormente indicados no caso de estimalo conveniente.

### **PARTICIPACIÓN**

Poderán participar exclusivamente aquelas persoas que se titularon como arquitectos superiores na Escolas Técnicas Superiores de Arquitectura da Coruña e, que presentasen a súa PFC en calquera das súas titulacións: arquitecto, grao en arquitectura e máster en arquitectura entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2017, ambos os incluídos. O prazo límite de envío expira ás 24 horas do 16 de febreiro de 2018. Para participar no concurso é necesario rexistrarse no formulario incorporando a información solicitada e a documentación dixital requirida para concursar.

## DOCUMENTACIÓN

A documentación a entregar é unicamente dixital. Consistirá nun só arquivo PDF de tamaño máximo 10 Mb, que conterá dúas láminas de tamaño A1, resolución 600 ppp, en orientación vertical, sen nomes nin elementos que permitan a identificación directa dos participantes. Na esquina inferior dereita deberase incluír un código único alfanumérico de 6 caracteres, que identificará os autores dos proxectos gañadores. As láminas conterán a información gráfica e escrita que explique o proxecto completo e os seus aspectos máis destacados relativos á sustentabilidade. A subida do devandito arquivo realízase desde o formulario de inscrición.

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

- A- **Estratexias bioclimáticas (50 puntos).** Valorarase a adopción de estratexias ambientais adecuadas ao contexto climático, ecolóxico e ao uso do edificio. Estas estratexias deben estar enfocadas na redución do consumo de recursos durante a construción e vida útil do edificio. Prestarase especial atención á capacidade do deseño para adaptarse a diferentes escenarios de ocupación, usos programáticos e estacións. O funcionamento ambiental do edificio deberá estar explicado de forma conceptual mediante diagramas, esquemas e datos suficientes como para poder avaliar a eficacia potencial da proposta.
- B- **Deseño arquitectónico (50 puntos).** Valorarase a integración dos aspectos climáticos e ecolóxicos no concepto arquitectónico do proxecto, a funcionalidade e a adaptación á contorna natural e ao contexto social.